

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE FEBREIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se modifican os estatutos da Axencia de Turismo de Galicia para a creación da Área de Turismo Termal con sede en Ourense.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Cangas do treito da estrada provincial EP-1001 dende o p.q. 0+000 ao p.q. 2+080.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan os procedementos de autorización e comunicación relativos ás entidades de distribución de medicamentos de uso humano.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Escornabois (Trasmiras-Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Proxecto de acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión das axudas ao abeiro das bases reguladoras das axudas enmarcadas no Plan de misións comerciais para grandes empresas para o ano 2023, por un importe total de trescentos sesenta mil euros (360.000 €)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Proxecto de acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado das bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan de misións comerciais para pemes para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se exime da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión destas axudas, por un importe de un millón novecientos mil euros (1.900.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de trescentos vinte e catro mil seiscentos cincuenta e dous euros (324.652,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por importe total de setecentos trinta mil douscentos trinta e un euros con oitenta e dous céntimos (730.231,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón número 5 do Ifevi, durante as anualidades 2023 e 2024, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a concesión de subvencións para o exercicio 2023 ás entidades locais con aulas que teñen a consideración de "aulas de referencia" na Rede CeMIT, por un importe total de catrocentos un mil dezaseis euros (401.016 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón das actuacións en materia de vivenda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a rehabilitación de contornas residenciais, a construción de vivendas de alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes e para a rehabilitación enerxética de edificios, por un importe total de cento cincuenta e oito millóns catrocentos setenta mil cento dezaioito euros con noventa e catro céntimos (158.470.118,94€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado de "aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. V.G.-4.3, AG-41 e PO-305", deixando sen efecto a tramitación do proxecto en relación co aparcadoiro localizado na PO-305, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón dos convenios de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Galega de Xoves Empresarios (AJE Galicia) para o impulso do emprendemento, a cobertura de vacantes laborais a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, así como para a adhesión ao Programa Retorna Cualifica Emprego.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de balóns convencionais de dilatación coronaria con destino a áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, nº de expediente SI-ASV1-23-006, por un período de dous anos de contrato mais tres anos de prórroga, e cun orzamento de seis millóns trescentos catro mil setecentos dezasete euros con sesenta céntimos (6.304.717,60 €) IVE engadido e un valor estimado de catorce millóns sesenta e oito mil trescentos setenta e oito euros con dez céntimos (14.068.378,10 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de equipos de cobertura cirúrxica, batas cirúrxicas e material auxiliar de uso cirúrxico con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, nº de expediente SI-ASO1-23-005, por un importe de licitación de once millóns catrocentos sesenta e dous mil trescentos cincuenta e catro euros con trinta e seis céntimos (11.462.354,36 €) con IVE e un valor estimado de dezasete millóns seiscentos oitenta e dous mil novecentos setenta euros con setenta e oito céntimos (17.682.970,78 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto do concerto social para o servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas e dos programas comunitarios de alzhéimer vinculados ao servizo de atención diúrna terapéutica nos centros da Rede pública autonómica de centros de día de atención social para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas de titularidade da Xunta de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período 2023-2027.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) correspondente ao PDR de Galicia 2014-2020, enmarcada dentro das medidas incluídas na Axenda de Impulso da Industria Forestal.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a orde pola que se establecen os criterios e o procedemento de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de menos de 15.000 habitantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia. Sistema de difusión e recolección do patrimonio cultural dixital galego.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio do procedemento para a aprobación do proxecto Centro de Protonterapia de Galicia (Santiago de Compostela) segundo o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA CONFIRMA A CREACIÓN EN OURENSE DA ÁREA DE TURISMO TERMAL PARA CONSOLIDAR A GALICIA COMO UN REFERENTE NESTE EIDO

- Salientou que a creación desta nova área potenciará a posta en valor turístico dos recursos naturais e culturais vinculados ao termalismo en Galicia
- O turismo termal en Galicia é un dos produtos turísticos con maior capacidade de desestacionalización da demanda turística e con poder para a captación de máis segmentos de público

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, confirmou hoxe a creación da Área de Turismo Termal, con sede en Ourense, tal e como lembrou que se comprometera na súa sesión de investidura e da que adiantou que ten como principal obxectivo a proxección exterior de Galicia como un referente no termalismo.

Galicia é a primeira potencia termal de España, en gran parte grazas a Ourense que é a segunda cidade europea con máis fontes termais, de aí a localización da Área de Turismo termal, que se encargará -segundo explicou o mandatario galego- de "coordinar e asumir" todas as decisións e iniciativas en materia de termalismo, cuxas competencias ata agora estaban repartidas entre diferentes consellerías. E incidiu que e terá como obxecto principal reforzar a faciana do termalismo que ten máis proxección exterior, "que é a de recurso turístico", precisou.

Deste xeito, coa creación desta nova área, que estará integrada na dirección da Axencia de Turismo de Galicia, potenciarase a posta en valor turístico dos recursos naturais e culturais vinculados ao termalismo en Galicia, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan ao impulso de Galicia como destino termal.

Rueda explicou algunhas das funcións deste novo organismo, entre as que citou, fomentar a modernización de infraestruturas existentes e crear outras novas; diversificar o sector para atraer a novos segmentos de poboación; promover a integración do termalismo galego en proxectos europeos de turismo de saúde; ou a creación dunha marca propia que identifique o turismo termal galego.

Débase salientar que o turismo termal en Galicia é un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade. Con maior capacidade de desestacionalización da demanda e con poder para a captación de máis segmentos de público, cun gran atractivo para a articulación de oferta turística combinada con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enogastronómico e deportivo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CANGAS DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE O CENTRO URBANO E OS NÚCLEOS DE COIRO E A MADALENA

- Transfírese ao Concello o treito de algo máis de 2 quilómetros da EP-1001
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cangas do treito inicial da estrada provincial EP-1001 que comunica o centro urbano, Coiro e A Madalena.

O Concello de Cangas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito, de algo máis de 2 quilómetros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 2+080 da EP-1001.

A transferencia a prol do Concello de Cangas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, o Concello de Cangas terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULA A DISTRIBUCIÓN DE MEDICAMENTOS DE USO HUMANO POR PARTE DOS ALMACÉNS

- O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe a esta norma, que inclúe as exigencias de funcionamento que deberán cumprir as entidades de distribución de medicamentos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de Decreto que regula os procedementos de autorización e comunicación relativos ás entidades de distribución de medicamentos de uso humano.

Neste proxecto de decreto inclúense as exigencias de funcionamento que deberán cumprir as entidades de distribución de medicamentos, que engloban as figuras dos denominados almacéns grosistas de distribución, os almacéns por contrato e os almacéns de medicamentos baixo control ou vixilancia aduaneira, se ben a norma será de aplicación aos dous primeiros.

A Xunta pretende garantir que as entidades de distribución cumpren cos requisitos e condicións esixidas na normativa básica estatal, que é o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, e o Real decreto 782/2013, do 11 de outubro, sobre distribución de medicamentos de uso humano.

Así, de acordo co artigo 1.2 do Real decreto 783/2013, do 11 de outubro, o termo «entidades de distribución de medicamentos» engloba as figuras dos almacéns grosistas de distribución, e dos almacéns por contrato. Os primeiros -almacéns grosistas de distribución- defínense como «toda actividade que consista en obter, almacenar, conservar, fornecer ou exportar medicamentos, excluída a dispensación ao público destes». O Real decreto define, ademáis, como almacén por contrato, a «entidade que actúa como terceiro, coa cal un laboratorio ou un almacén grosista subscribe un contrato para realizar determinadas actividades de distribución de medicamentos».

En virtude deste proxecto de decreto, os almacéns grosistas e os almacéns por contrato estarán sometidos á autorización previa da comunidade autónoma onde estean

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

domiciliados e aplicaráselles o termo «entidades de distribución de medicamentos de uso humano».

Requerirán tamén de autorización previa as modificacións relevantes que afecten aos locais, equipamentos e actividades, de modificación das condicións autorizadas, de traslado a outras instalacións, da inclusión dun almacén por contrato na autorización dunha entidade de distribución de medicamentos, así como o cesamento da súa actividade.

Pola súa banda, prevense dous supostos de simple comunicación: os almacéns de distribución de medicamentos que realicen as súas actividades nalgunha comunidade autónoma diferente á comunidade en que están domiciliados deberán comunicar a realización da actividade ás autoridades sanitarias da comunidade autónoma onde teña lugar. Así mesmo, deberán ser obxecto de comunicación os cambios de titularidade dunha entidade de distribución, tal e como exige o artigo 63.5 da Lei 3/2019, do 2 de xullo.

Este decreto, que supón unha mellora da capacidade de xestión e redonda en beneficio do usuario do sistema público de saúde e achega máis seguridade na distribución farmacéutica, entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no DOG.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA UNHA NOVA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NA PARROQUIA DE ESCORNABOIS, CONCELLO DE TRASMIRAS, QUE REORGANIZARÁ CASE 300 HECTÁREAS DE TERREO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural que inicia este proceso, o cal beneficiará 711 propietarios
- Así, entre os anos 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse xa 28 novas concentracións, incluída a de hoxe, que abarcan un total de 22.881 ha e 109.949 parcelas de 16.098 titulares
- A Xunta rematou desde o ano 2020 e ata agora un total de 25 parcelarias, que abarcaron unha superficie de máis de 18.000 hectáreas, beneficiando preto de 12.500 propietarios que recibiron máis de 28.000 títulos de propiedade
- En ambos casos, o obxectivo é acadar a trintena de procesos -decretados e finalizados- no primeiro semestre deste ano
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal un novo decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declara de utilidade pública a concentración parcelaria de Escornabois, no concello ourensán de Trasmiras. Deste xeito, reorganizarase unha superficie de 293 hectáreas repartidas en 2.632 parcelas propiedade de 711 veciños.

Así, cómpre indicar que este novo decreto de concentración parcelaria declárase mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. De feito, o municipio de Trasmiras sitúase na comarca da Limia, que destaca pola importancia do seu sector primario cunha importante implantación de explotacións gandeiras, ademais de cultivos de pataca, millo, cereal e hortícolas extensivos.

Ademais, cabe sinalar que neste concello desenvolvéronse un total de cinco procesos de reordenación parcelaria (Chamusíños, Trasmiras, Viladerrei, Vilar de Lebres e Zos), que supuxeron unha superficie total de 4.293 hectáreas concentradas cun resultado total de 7.230 predios de substitución e 5.258 propietarios beneficiados.

Procesos decretados e rematados

Así, entre o ano 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse -coa de hoxe- 28 novas concentracións parcelarias en Galicia, que abarcan un total de 22.881 ha e 109.949

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parcelas de 16.098 titulares. Cabe sinalar que, con estes decretos, a Xunta cumpre o seu compromiso de decretar unha nova concentración parcelaria por cada proceso finalizado. Desta forma, conséguese loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Ademais, cabe engadir que desde o ano 2020 e ata agora, a Xunta rematou un total de 25 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de máis de 18.000 hectáreas, beneficiando preto de 12.500 propietarios que recibiron máis de 28.000 títulos de propiedade. En ambos casos, o obxectivo é acadar a trintena de procesos - decretados e finalizados- no primeiro semestre deste ano.

Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de concentración máis de 118 millóns de euros dende o ano 2009, sendo o orzamento previsto para 2023 de 17 millóns. Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).

Así, na nova lei apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

De feito, desde a entrada en vigor da Lei de recuperación -en maio de 2021- arredor de 10.000 hectáreas de terreo están sendo obxecto de desenvolvemento dun instrumento de recuperación de terra agraria, correspondentes a 21 polígonos agroforestais, a 21 aldeas modelo e a permutas voluntarias no concello de Friol, na provincia de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE GALICIA BATE O SEU RÉCORD HISTÓRICO DE EXPORTACIÓNS E ALCANZA POR PRIMEIRA VEZ OS PRETO DE 30.000M €

- Destaca que as vendas ao exterior das empresas galegas en 2022 supoñen “un 18,3 % máis” que no anterior exercicio, que tiña o mellor rexistro ata o de agora
- Resalta que Galicia pechou o ano “cunha balanza comercial positiva” de máis de 2.800 millóns de euros, fronte ao conxunto de España que finalizou en números vermellos
- Para seguir contribuíndo a estes datos, o Consello da Xunta aprobou hoxe a nova convocatoria do Plan de Misións Comerciais, que suma 2,3 millóns para promover accións de internacionalización en ata 600 compañías
- A iniciativa enmárcase na Estratexia de Internacionalización do Goberno galego, que destina máis de 20M € este ano a colaborar co tecido empresarial galego

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que Galicia logrou en 2022 un novo rexistro histórico en exportacións, achegándose por primeira vez aos 30.000 millóns de euros (en concreto, 29.886 millóns). “Isto supón 4.600 millóns de euros máis e un 18,3% máis de vendas ao exterior que no 2021”, que tiña o mellor rexistro ata o de agora, indicou.

Rueda subliñou ademais que Galicia pechou o ano pasado “cunha balanza comercial positiva”, algo que “non ocorreu no conxunto de España”. Nesta liña, lembrou que Galicia finalizou 2022 cun saldo favorable de 2.802 millóns de euros -na comparativa entre as vendas ao exterior e as importacións-, alcanzando así a terceira mellor balanza en termos absolutos. Esta tendencia positiva non se produce no conxunto do Estado, onde o saldo comercial pechou en números vermellos (-68.112M€). As exportacións galegas supoñen o 7,7% do total de España.

Por sectores destacan os incrementos en industrias clave para Galicia como o sector téxtil, cun +21,1% en vendas ao exterior que en 2021; a industria química, cun +47,3%; as máquinas e aparellos mecánicos, cun +45,4%; ou a metalurxia, cun +16,5%.

Por países rexistráronse importantes subas nas vendas a Países Baixos: +86%; Alemaña (+30,9%); Portugal (+27,4%); ou Bélxica (+25,7%). Fóra de Europa destaca a suba en EEUU (+21,2%), México (+48,4%) ou Oriente Medio (+52,5%), contribuíndo así a impulsar a diversificación dos mercados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O número de empresas galegas que exportaron durante o pasado ano foi de 8.496, mentres que o número de exportadoras regulares –as que venderon produtos ao exterior nos últimos catro anos de forma consecutiva–, alcanzou as 2.653, un 3,5% máis que en 2021.

Para seguir contribuíndo a estes datos, o Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de Misións Comerciais, ao que se destinarán 2,3 millóns de euros “co obxectivo de impulsar accións de internalización en pemes e grandes empresas galegas”, indicou Rueda, quen explicou que a previsión é promover “ata 200 iniciativas en 30 países”. Esta medida forma parte da Estratexia de Internacionalización da Xunta, que en total dedicará máis de 20 millóns de euros este ano a colaborar co tecido empresarial galego e tratar así de contribuír ao mantemento do mellor ciclo exportador da historia de Galicia.

O Plan de Misións Comerciais, que desenvolve a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) e en colaboración coas cámaras de comercio galegas, recolle dúas liñas. A primeira céntrase nas pequenas e medianas empresas e suma máis do 80 % do orzamento, mentres que a segunda está pensada para as grandes empresas, na procura de que estas poidan participar nas misións achegando a súa experiencia e volume como efecto tractor para a dinamización internacional do tecido empresarial.

O obxectivo é que arredor de 600 compañías tomen parte nas accións de promoción, favorecendo o seu posicionamento nos mercados exteriores. Para acadar esta meta, destínanse case dous millóns a pequenas e medianas empresas, contía que se complementa con 360.000 euros para grandes compañías na procura de que contribúan á expansión internacional das de menor tamaño.

O programa, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, prevé para esta convocatoria máis de 30 mercados prioritarios de acción comercial, entre os que se sitúan China, India, Israel, Xapón, Reino Unido, Alemaña, Marrocos, Brasil, México, Emiratos Árabes, Estados Unidos ou Canadá, así como outros países para os que se xustifique a súa idoneidade para as empresas galegas.

As actuacións, consistentes en misións empresariais directas ao estranxeiro ou na participación en feiras e outros eventos expositivos, contan con apoios que alcanzan o 90 % no caso das pequenas e medianas empresas, porcentaxe que chega ata o 70 % para as grandes empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar que desde o ano 2014 o Goberno galego ten destinado máis de 12 millóns á organización destas misións internacionais, cunha participación media anual de máis de 170 pemes, o que ten permitido impulsar actuacións en 70 países diferentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

APROBADO O CONVENIO CO IFEVI PARA COORDINACIÓN E MANTEMENTO DO MÓDULO CUBERTO QUE ESTARÁ Á DISPOSICIÓN DOS ATLETAS A PARTIR DO LUNS

Este modelo de uso dos espazos expositivos galegos xa vén dando grandes resultados no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, coa instalación dun dos mellores rocódromos de todo o país ou no recinto feiral de Expourense, grazas á mellor pista cuberta de atletismo de España que xa acolleu dous campionatos nacionais absolutos

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais, así como as actividades de mantemento, limpeza, uso, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón número 5 do Ifevi, na cidade de Vigo, durante as anualidades 2023 e 2024, por un importe de 200.000 euros. O financiamento desta contía realizarase a través da Secretaría Xeral para o Deporte, 80.000 euros no presente ano e 120.000 en 2024. O módulo de atletismo inaugurarase este vindeiro luns e porase á disposición dos atletas.

No caso do réxime de coordinación do uso do módulo de atletismo, cada unha das partes ocuparase das súas respectivas actividades, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co uso feiral da instalación, tendo en todo caso preferencia a realización das actividades feirais. Este modelo de uso dos espazos expositivos galegos xa vén dando grandes éxitos no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, coa instalación dun dos mellores rocódromos de todo o país ou no recinto feiral de Expourense, grazas á mellor pista cuberta de atletismo de España que xa acolleu dous campionatos nacionais absolutos.

Cómpre salientar que, o módulo de atletismo do Ifevi, vén paliar a situación de parálise que vive o atletismo vigués, e supón unha solución para que os atletas vigueses poidan adestrar nunha pista cuberta con independencia da situación meteorolóxica, que quedará instalada para sempre dentro do patrimonio do deporte de Vigo. Ademais, cómpre lembrar que o Goberno galego xa comunicou ao Concello de Vigo que achegará os 3 millóns de euros que a entidade local reclama para a remodelación das pistas de Balaídos, unha obra bloqueada polos problemas urbanísticos do Concello de Vigo provocados pola anulación do seu PXOM, polo que o módulo de atletismo no Ifevi vén desatascar este problema de xeito inminente. As novas instalacións deportivas teñen como obxectivo incrementar a potencialidade dos atletas de Vigo e de toda a área

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

metropolitana. Delas veranse beneficiados preto de 1.000 atletas repartidos entre os 15 clubs da área metropolitana de Vigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA CATEDRAL DE SANTIAGO PARA MELLORAR A ATENCIÓN AO PEREGRINO E REFORZAR A SÚA SEGURIDADE

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación de senllos convenios con Fundación Catedral e S.A.M.I. Catedral por importe de 1 millón de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de senllos convenios de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia coa Fundación Catedral e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para apoio e reforzo de seguridade do Complexo Catedralicio e para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes no Centro Internacional de Acollida ao Peregrino. Ambos convenios suporán un investimento de 1 millón de euros.

O Goberno galego destinará este ano 730.231 euros para o reforzo do persoal de seguridade destinado tanto á Catedral de Santiago como á Oficina de Atención ao Peregrino do Centro Internacional de Acollida.

Ademais, de xeito complementario, destinará un importe total de 324.652 euros para seguir apoiando e reforzando o funcionamento deste mesmo Centro Internacional, para unha maior atención e información aos peregrinos.

Cómpre lembrar que o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino concentra todos os servizos de atención relacionados co Camiño de Santiago: a Oficina do Peregrino, onde se obtén a Compostela; o punto de acollida aos peregrinos; a capela e espazo para actos; ademais dun punto de información do Camiño; un espazo para as asociacións xacobeas, biblioteca e un punto onde se implantará o futuro centro de documentación do Camiño de Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 400.000 € A SUBVENCIONAR ACCIÓNS PARA A INCLUSIÓN DIXITAL DA CIDADANÍA A TRAVÉS DAS AULAS CEMIT

- As axudas irán destinadas, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, ás aulas de referencia localizadas en 35 municipios
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten en marcha un convenio coa Fegamp enmarcado na reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT
- O Plan de ampliación e reforma permitirá ampliar o número de aulas, así como dotalas coas tecnoloxías máis avanzadas, con investimentos ata 2025 que suman cerca de 23 millóns de euros

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou hoxe destinar algo máis de 400 mil euros a subvencionar este ano actividades nos 35 centros que xa acadaron as condicións para ser consideradas aulas de referencia da rede CeMIT. Estas subvencións irán destinadas á realización de actuacións en materia de inclusión dixital da cidadanía, sobre todo en ámbitos rurais.

Estas subvencións están enmarcadas no convenio asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que prevé destinar 813.000 euros anuais entre 2023 e 2025 ás administracións locais a través da Fegamp. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas así como da poboación do municipio, correspondéndolles ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes unha subvención de 15.000 € e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251 €.

O acordo coa Fegamp forma parte do Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT, actualmente en marcha, e que suporá un investimento de 22.776.304 € ata 2025 para abordar a transformación física e arquitectónica dos centros, a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro, a posta en marcha dun novo servizo de aula móbil, o reforzo dos servizos dixitais e adaptar a estratexia formativa ao novo Marco galego de competencias dixitais.

Dotación tecnolóxica punteira

Está previsto que nas vindeiras semanas as aulas da Rede CeMIT conten con equipamento tecnolóxico innovador composto por impresoras 3D, kits de robótica, drons, lentes de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Marco galego de competencias

A Rede CeMIT é un dos instrumentos clave para acadar o obxectivo marcado polo Compoñente 19.I1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España de formar a máis de 45.000 persoas ata 2025. E neste senso, o pasado mes de decembro de 2022 abriuse a convocatoria da actividade «ComDix Iniciación - Formación para persoal formador» que rematará neste mes de febreiro coa primeira proba presencial que dará acceso aos formadores da Rede CeMIT a capacitar e certificar a cidadanía no novo Marco de competencias dixitais.

Por último, reforzaranse os servizos dixitais (os espazos web do proxecto, a plataforma formativa en liña...) e o seu soporte e mantemento, como medida transversal para contribuír ao fortalecemento de todas as liñas de actuación. Con este fin, a Axencia licitou un acordo marco para a elaboración de contidos formativos e ou desenvolvemento de plataformas e servizos dixitais cun orzamento de 1.620.450 €.

Máis de 100.000 persoas usuarias

A Rede CeMIT é unha iniciativa posta en marcha pola Amtega que conta coa colaboración de 90 concellos e está integrada por 96 centros en 52 comarcas. Conta con máis de 100.000 persoas usuarias. Delas, un 59,62 % son mulleres e destaca o uso maioritario por parte das persoas que teñen entre 45 e 54 anos, que supoñen un 22,86 % dos usuarios totais. As persoas de 55 e máis anos representan o 27,82 % dos usuarios, unha porcentaxe que se incrementou nun 31 % desde os inicios da Rede CeMIT, xa que en 2012 era do 21 %.

Na Rede ofertáronse, desde 2011, máis de 500.000 horas de formación que, unidas ás restantes iniciativas postas en marcha polo Goberno galego para lograr a inclusión dixital, contribuíron a que o 87,1 % dos galegos e galegas empreguen internet, segundo os últimos datos do INE. Esta porcentaxe supón un incremento de máis do 85 % con respecto ao dato de 2010, cando a usaba o 47 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXECUTA PRETO DO 90% DOS FONDOS EUROPEOS PARA REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E CONCEDE AXUDAS PARA MELLORAR A EFICIENCIA DE MÁIS DE 14.500 VIVENDAS

- O Consello coñeceu hoxe o resultado das primeiras convocatorias dos programas para financiar actuacións de renovación e mellora enerxética en edificios e vivendas
- O número total de inmobles beneficiados supera en case un 25 % o obxectivo previsto inicialmente no propio Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- Á parte dos 77,6 M€ concedidos en subvencións para rehabilitar, tamén están comprometidos 33 M€ para construír 499 novas vivendas públicas e apoiar a concellos e empresas na promoción de inmobles destinados a alugueiro social
- Esta primavera volveranse convocar as principais liñas de incentivos á rehabilitación por un importe de case 48 M€ e continuarán a promoverse máis VPP nas cidades

A Xunta de Galicia executou preto do 90 % dos fondos europeos destinados aos diferentes programas en materia de rehabilitación no eido residencial e concedeu un total de 77,6 millóns de euros en axudas co obxectivo común de mellorar a eficiencia enerxética e reducir os consumos de 14.585 vivendas.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o resultado das primeiras convocatorias realizadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, un balance moi positivo e que superou incluso os obxectivos previstos inicialmente ao lograr que o número de inmobles beneficiados en toda Galicia superase en case un 25 % a cifra fixada no propio plan.

Dos programas de rehabilitación enerxética convocados o ano pasado por primeira vez cómpre destacar o de barrios, executado ao 100 %, e a través do cal se repartiron entre os concellos solicitantes 32,6 millóns de euros para intervir sobre 4.718 vivendas localizadas en entornos de rehabilitación residencial e áreas de rehabilitación integral de toda Galicia. Tamén as axudas a nivel de edificio gozaron dunha moi boa acollida, con 251 axudas concedidas por importe de 21,57 millóns de euros destinadas a acadar unha redución de polo menos o 30 % do consumo de enerxía en 2.541 vivendas.

De igual xeito, o programa de axudas para elaboración do libro do edificio e redacción de proxectos de rehabilitación pechou a súa primeira convocatoria cunha execución por riba do 90 % (94,6 % concretamente) e un total de 204 subvencións dirixidas a financiar en 3.159 vivendas os custos asociados a estes instrumentos, clave á hora de rehabilitar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao chamado PREE 5000, pensado para lograr aforros enerxéticos dun mínimo do 30 % en edificios e vivendas localizados en municipios de menos de 5.000 habitantes, executouse case o 97 % do orzamento (3,54 M€) para intervir nun total de 85 inmobles.

Así mesmo, as axudas para rehabilitación enerxética en edificios existentes (PREE) lograron unha execución do 85,96 %, con 507 subvencións concedidas a 2.928 vivendas para actuar na envolvente térmica, aplicar enerxías renovables en instalacións de calefacción, ventilación e auga quente, ou optimizar os sistemas de iluminación.

O programa con menor execución foi o de nivel de vivenda, pensado para pequenas obras, como cambio de ventás, e dotado de 13,4 M€ dos cales se concederon 2,7 M€, atendendo todas as solicitudes que cumprían os requisitos e chegando a 1.154 vivendas.

Cómpre subliñar, en todo caso, que os fondos que quedaron sen executar nos diferentes programas non se perden senón que pasan a integrarse na anualidade de 2023 como parte do financiamento das novas convocatorias de axudas previstas.

Ademais, e a maiores das subvencións destinadas á rehabilitación do patrimonio residencial xa existente, Galicia tamén recibiu fondos europeos para construír vivendas de alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes, un programa que se xestiona a través de actuacións directas do IGVS e dunha liña de axudas a promotores públicos e privados convocada por primeira vez o pasado 7 de febreiro.

En total, están comprometidos xa 33 millóns de euros: 24,54 millóns para promover 499 vivendas de promoción pública en Santiago, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Lugo e 8,4 millóns para apoiar con subvencións de ata 50.000 euros a concellos e empresas na construción de inmobles destinados a alugueiro social. En concreto, as novas VPP que promove o IGVS nestas 5 cidades serán financiadas na súa maior parte con fondos propios da Xunta, que alcanzará o 65 % do orzamento de execución estimado (44,62 M€).

390 M€ de investimento total mobilizado

O investimento total derivado das liñas de axudas financiadas con fondos europeos e xestionadas pola Xunta estímase en ao redor de 390 millóns de euros, tendo en conta o importe das subvencións así como as contías que mobilizarán os propios beneficiarios.

Neste sentido, o obxectivo en 2023 é seguir aproveitando a oportunidade que ofrecen os fondos Next Generation UE para promover o maior número posible de actuacións de rehabilitación enerxética a nivel residencial no conxunto de Galicia. Para tal fin, está previsto que en primavera —previsiblemente en abril— se publiquen novas convocatorias dos programas xa mencionados por un importe global de case 48 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, e no marco do programa para construción de vivendas de alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes, o IGVS impulsará de forma directa a construción de novas promocións públicas nas principais áreas urbanas de Galicia e tamén achegará máis fondos (se a demanda así o require) á convocatoria de axudas a promotores públicos e privados para construír vivendas destinadas a alugueiro social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE EXECUCIÓN DE DOUS APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO NA COMARCA DO SALNÉS, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- Construirase un estacionamento de 59 prazas nas inmediacións da glorieta do enlace da V.G.-4.3 coa N-640 en Vilagarcía de Arousa, e outro de 77 prazas na contorna da rotonda entre a autovía do Salnés (AG-41) e a VG-4 en Ribadumia
- Tras a alegación recibida ao proxecto inicial dun terceiro aparcadoiro na estrada PO-305 en Caldas de Reis, descártase a súa execución por estar en tramitación previa a construción dunha gasoleira sobre o terreo no cal se tiña previsto o aparcadoiro
- Os dous novos aparcadoiros favorecerán o uso compartido de vehículos nas viaxes entre a zona do Salnés e as áreas de Pontevedra, de Vigo e de Santiago, contribuíndo á implantación de zonas de baixas emisións nelas
- O levantamento das actas previas das expropiacións realizarase no segundo trimestre e prevese licitar as obras na 1ª quincena de marzo, para comezalas tras o verán
- O Goberno galego segue avanzando nos proxectos promovidos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos que se destinará este ano un investimento de 29,3 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a execución de dous aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido, asociados á implantación de zonas de baixas emisións, na comarca do Salnés, que suporán un investimento de máis de 1 millón de euros.

O Goberno galego dálle así o seu visto e praxe ao impulso destes aparcadoiros nos concellos de Vilagarcía de Arousa e de Ribadumia, respectivamente, que disporán en conxunto dun total 136 prazas de estacionamento.

O primeiro deles localizarase nas inmediacións da glorieta da vía de alta capacidade Cambados-Vilagarcía (VG-4.3) e da N-640, no lugar de Coruxo, no municipio de Vilagarcía de Arousa; e un segundo na contorna da rotonda entre a autovía do Salnés (AG-41) e a VG-4, no núcleo de Barrantes, en Ribadumia.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado destas dúas actuacións por parte do Executivo autonómico implica a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar estas novas intervencións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que o departamento de Infraestruturas da Xunta someteu a información pública en novembro do pasado ano, xunto a estas dúas intervencións, un terceiro proxecto para impulsar un terceiro aparcadoiro na estrada autonómica PO-305, preto de Saiar, no municipio de Caldas de Reis.

No citado trámite de información pública recibíuse unha alegación dun particular en que se fai referencia a uns dereitos previos por estar en tramitación a construción dunha gasoleira sobre o terreo no cal se tiña previsto a execución do aparcadoiro disuasorio nesta vía autonómica, polo que se adoptou a decisión de non continuar coa súa execución.

En concreto, o aparcadoiro proxectado no municipio de Vilagarcía de Arousa, executarase nun recheo xa existente adxacente á glorieta do enlace da V.G.-4.3 coa N-640, de 1.950 m² e cunha capacidade para un total de 59 prazas, 9 delas en liña e o resto en batería. Do total de prazas, 2 estarán reservadas para vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida.

Nesta intervención deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta, o novo aparcadoiro disporá dunha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación que serán de sentido único.

Tamén, polo perímetro exterior do aparcadoiro disporase unha franxa verde de 1,30 metros de ancho na que irá o arborado e o alumeadado.

Ademais, na marxe dereita das prazas en liña que se atopan no bordo deste disporase unha franxa de lastro de 1,00 m para facilitar o descenso dos usuarios do vehículo, cunha varanda de madeira de 90 centímetros de alto e 40 metros de largo; e na súa marxe esquerda disporase dunha franxa de 1,50 metros en formigón desactivado como itinerario peonil. Para o acceso a este aparcadoiro será necesario acondicionar a vía de acceso existente.

O estacionamento disuasorio que se situará nas proximidades do núcleo de Barrantes, en Ribadumia, distribuirase nunha superficie de 2.815 m² sobre unha explanada adxacente á estrada provincial EP-9405 e bordeada polo rego de San Martiño, xa dedicada a estacionamento de vehículos. Terá unha capacidade de 77 prazas, todas en batería, con dúas prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida.

Do total de prazas, 26 disporanse nunha illa central que se rodeará dunha franxa perimetral para tránsito peonil de 1,80 metros e carrís de circulación que serán de 4,20

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

metros de ancho e de sentido único. O resto das prazas dispoñeranse nos bordos da estrada e do leito do río, separadas destes por unha beirarrúa de 2,50 metros de ancho.

Na intervención actuarase no perímetro exterior do aparcadoiro e na illa central, para dispor unha franxa verde de 1,30 metros de ancho na que irá arborado e o alumeadado. Ademais, para o acceso ao aparcadoiro acondicionarase o viario de acceso existente reforzando o firme en todo o ancho da plataforma, elevando o paso de peóns existente e executando un paso de peóns novo.

Este segundo aparcadoiro disporá tamén de 80 metros de varanda para protexer a caída ao leito do río San Martiño e 52 metros de valado para illar o predio colindante.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións necesarias no segundo trimestre deste ano. A licitación das obras será independente para cada un dos dous aparcadoiros e prevese realizar na primeira quincena marzo para poder comezar os traballos tras o verán. O prazo de execución é de 5 meses.

A Xunta con estas dúas novas intervencións incide no fomento do uso compartido de vehículos, que neste caso favorece as viaxes entre a zona do Salnés e as áreas de Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela e deste xeito contribuír á implantación de zonas de baixas emisións nelas.

Estas actuacións forman parte dos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sustentables, aos que destinará este ano un investimento de 29,3 M€, que inclúe aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paradas de autobús e os investimentos nas estacións intermodais, como a da Coruña, agora mesmo en execución.

O Executivo autonómico, xa aprobou tamén na reunión do Consello da Xunta da pasada semana a información pública de dous aparcadoiros disuasorios, cun total de 157 prazas, na comarca do Morrazo, no concello de Moaña, aos que destinará un investimento de máis de 1,3 M€.

O Goberno galego segue a traballar a favor da mobilidade sustentable, impulsando a dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás principais vías de entradas ás

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ciudades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, con itinerarios peonís e ciclistas.

Mapa de situación e plano de planta do aparcadoiro disuasorio en Vilagarcía de Arousa:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mapa de situación e plano de planta do aparcadoiro disuasorio en Ribadumia:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E AJE GALICIA COLABORARÁN NO IMPULSO AO EMPRENDEMENTO E NA COBERTURA DE VACANTES LABORAIS A TRAVÉS DO SERVIZO DE EMPREGO E DA ESTRATEXIA RETORNA

- O Consello do Goberno galego deu visto e praxe ao convenio que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e os xoves empresarios (AJE Galicia) asinarán para fomentar a iniciativa emprendedora na comunidade
- Esta colaboración, dotada con 60.000 euros, permitirá a divulgación e a formación e implantar premios de recoñecemento ao emprendemento mozo
- AJE Galicia, con máis de 1.400 empresas representadas, tamén formalizará a súa adhesión ao servizo de emprego e ao programa Retorna Cualifica Emprego para colaborar coa Xunta para brindar ao tecido produtivo a man de obra que precisa

O Consello do Goberno galego deu visto e praxe ao convenio que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade formalizará coa Federación Galega de Xoves Empresarios (AJE Galicia) para impulsar o emprendemento na comunidade. Este marco de colaboración, dotado con 60.000 euros, permitirá desenvolver actividades de divulgación da cultura emprendedora entre a mocidade e recoñecer as súas boas prácticas.

A Administración autonómica financiará, grazas a esta iniciativa, actividades relacionadas co emprendemento para impulsar a xeración de emprego nos sectores máis novos da poboación galega. Entre estas accións, brindarase asesoramento e formación e celebraranse actividades de *networking* -como o Congreso Xove empresario/a- e concederanse 5 premios de recoñecemento á xuventude empresaria de Galicia.

O convenio responde ao interese prioritario da Xunta de Galicia en establecer, promover e coordinar todo o esforzo emprendedor que se está a desenvolver na comunidade, en especial, entre as persoas máis novas.

A nova estrutura da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade conta desde hai 9 meses cunha nova Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, o que supón unha reafirmación da decidida aposta da Xunta de Galicia polas políticas de emprendemento e pola mellora da coordinación de todos os recursos existentes a nivel autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No ano 2023, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a destinar máis de 18 millóns de euros a esta área estratéxica que, entre outras medidas, permitirán despregar a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego iniciada en 2022, ata sumar un total de 12 polos distribuídos por toda a xeografía galega. Impulsaranse iniciativas de emprendemento de proxectos empresariais en etapas iniciais ou de expansión e celebraranse convenios con entidades colaboradoras como AJE, ou coas universidades co fin de apoiar o emprendemento a nivel empresarial e de afondar no coñecemento da situación do emprendemento na comunidade.

A Xunta de Galicia, a través da Área de Promoción do Emprego, tamén colaborará con AJE nos próximos meses a través do Servizo de Emprego de Galicia e do programa Retorna Cualifica Emprego, este último enmarcado na Estratexia Retorna 2023-2026. En ambos os dous casos trátase de brindar oportunidades a traballadoras e traballadores e dar resposta á demanda de profesionais para ocupacións non cubertas que demanda o tecido empresarial, ben con persoas en desemprego rexistradas nas oficinas do servizo público ou, en caso de que non sexa posible, con galegas e galegos menores de 50 anos que desexen retornar á comunidade cun contrato de traballo.

AJE Galicia é unha organización sen ánimo de lucro, de carácter multisectorial que, como federación, incorpora AJE A Coruña, AJE Ferrolterra, AJE Pontevedra, AJE Vigo, AJE Lugo e AJE Ourense. Integra o colectivo de persoas empresarias menores de 40 anos de todos os sectores de actividade, sendo a primeira e única entidade galega recoñecida a nivel nacional que agrupa e defende os intereses dos novos empresarios e emprendedores galegos, concretamente 1.413 empresas de toda Galicia, que xeran preto de 7.000 empregos directos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 6,3 MILLÓNS DE EUROS Á PRIMEIRA COMPRA CENTRALIZADA DE BALÓNS DE DILATACIÓN CORONARIA PARA AS ÁREAS SANITARIAS

- Os balóns de dilatación coronaria son necesarios para a realización de técnicas de cardiología intervencionista que se practican nas áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago de Compostela e Barbanza, Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, e na Área Sanitaria de Vigo
- Os hospitais do Servizo Galego de Saúde realizaron máis de 47.000 intervencións de cardiología intervencionista entre 2019 e 2022
- Trátase da primeira contratación deste tipo tramitada polo Servizo Galego de Saúde coa que, ademais de homoxeneizar a compra destes produtos en todo o sistema sanitario galego, consegue reducir o seu prezo máximo de licitación nun 14 %, aforrando un mínimo de 454.051 euros ao ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe a aprobación da primeira compra centralizada de balóns convencionais de dilatación coronaria para as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un importe total de 6.304.717 euros e para os próximos 3 anos.

A subministración deste material, necesario para a realización de técnicas de cardiología intervencionista que se practican nas áreas sanitarias, persegue homoxeneizar a compra dos produtos en todo o sistema sanitario galego, así como reducir o seu custo, establecendo un prezo único e evitando variacións significativas no prezo de compra. Neste sentido, a compra centralizada permitirá a redución media dun 13,9 % dos prezos máximos de licitación, o que supón un aforro mínimo de 454.051 euros ao ano.

As áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago de Compostela e Barbanza, a de Lugo, a Mariña e Monforte de Lemos, así como a Área Sanitaria de Vigo, beneficiaranse da contratación deste material.

Os balóns convencionais de dilatación coronaria son dispositivos endovasculares percutáneos, que se utilizan no interior das arterias coronarias mediante técnicas de cardiología intervencionista; consiste na dilatación con balón da placa ateromatosa responsable da isquemia. Con iso, fractúrase a placa e auméntase substancialmente a luz da arteria, co que desaparece a isquemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O mecanismo pois é a rotura, fragmentación e esmagamento do atheroma, creando unha ferida e remodelado forzado da parede arterial que conleva un proceso cicatricial tras o cal, se é favorable, consolida a revascularización alcanzada sen apenas deixar pegada. Co paso do tempo, a anxioplastia con balón persiste como un método complementario, facilitador con predilatación e consolidador con posdilatación.

O número de intervencións de cardioloxía intervencionista practicadas nos hospitais do Servizo Galego de Saúde no período entre 2019 e 2022 ascende a 47.139. Por anos, en 2019 practicáronse 12.713 intervencións, en 2020 foron 11.088, un total de 12.042 no ano 2021, e 12.042 en 2022.

Política de centralización de contratos que permite importantes aforros

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros. Neste caso, trátase dun novo expediente que homoxeneiza a adquisición destes produtos en todo o sistema sanitario público galego, continuando a senda marcada pola licitación en 2017 do primeiro contrato centralizado deste material para as sete áreas sanitarias.

Entre os expedientes centralizados e aprobados por vez primeira están a compra centralizada da subministración de sistemas de implantes de columna para as sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

A primeira compra centralizada de reactivos de laboratorio para a realización de cultivos de bacterias e fungos en mostras de sangue, que ascendeu a 2.760.080 euros, ou a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre 2022 e 2025, por un importe total de 7.289.227 euros.

Outros expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde mediante compra centralizada son a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación, e a subministración sucesiva de equipos de cobertura cirúrxica cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A COMPRA CENTRALIZADA DE BATAS CIRÚRXCAS, EQUIPOS E MATERIAL AUXILIAR PARA OS HOSPITAIS DAS ÁREAS SANITARIAS POR 11,4 MILLÓNS DE EUROS

- A contratación, prevista para os vindeiros 4 anos, permitirá reducir os prezos máximos de licitación deste material nun 3,75 %, cun aforro de 137.858 euros ao ano
- O contrato busca asegurar a subministración de material auxiliar como batas, gorros, máscaras cirúrxicas, calzas, panos ou sabas, entre outros, para os hospitais do Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta aprobou hoxe a terceira compra centralizada de batas cirúrxicas, equipos e material auxiliar de uso cirúrxico para subministrar as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un importe total de 11.462.354 euros e unha duración de 4 anos.

Esta contratación busca asegurar a subministración de material material auxiliar como batas, gorros, máscaras cirúrxicas, calzas, panos ou sabas, así como equipos e paquetes personalizados de cobertura cirúrxica desbotable para os centros sanitarios, e enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta de Galicia ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros.

Trátase de material de protección, tanto para o paciente como para o profesional, para a súa utilización nun ambiente cirúrxico, sendo fundamental nas estratexias de mellora na prevención da infección asociada á asistencia sanitaria, que constitúe un dos principais riscos da actividade en términos de morbilidade, tempo e custes.

O expediente homoxeiniza a adquisición destes produtos en todo o sistema sanitario público galego, permite dispoñer de equipos deseñados por procesos, e clasifica con unidade de criterios os equipos por cirurxías, favorecendo o aforro de tempo na preparación da intervención.

O contrato, dividido en 19 lotes, cun valor estimado de máis de 17,6 millóns de euros, terá vixencia ata o ano 2026, permitindo unha redución media dos prezos máximos de licitación dun 3,75 %, o que suporá un aforro de 137.858 euros ao ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O lote 23 (máscara cirúrxica tipo IIR) resérvase a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción, ao considerar que a súa subministración pode realizarse en condicións de mercado e de forma eficiente por parte destas entidades.

A necesidade desta contratación corporativa xustifícase para garantir a subministración dos produtos a todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde, tendo presentes os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade, continuidade dos coidados entre niveis asistenciais e sustentabilidade económica das prestacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A REDE PÚBLICA DE CENTROS DE DÍA DE ATENCIÓN AO ALZHEIMER A TRAVÉS DO CONCERTO SOCIAL

A través deste procedemento garántese a estabilidade na prestación deste servizo nos centros de titularidade autonómica e xestión externa de Ferrol, Ribeira, Lugo, Viveiro, Ourense, Moaña, Pontevedra e Vigo.

O Consello da Xunta acordou hoxe a consolidación de 314 prazas en centros de día especializados na atención ao alzhéimer de titularidade pública e xestión externa, as cales se contratarán, por primeira vez, en réxime de concerto social. O Goberno galego destinará 18,5 millóns de euros a esta convocatoria coa que garante a estabilidade na prestación do servizo, posto que estes concertos terán unha duración inicial de catro anos e poderán renovarse ata acadar un máximo de dez.

En concreto, este instrumento do concerto social aplicarase nas prazas de atención diúrna ás persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas que a Xunta ten en Ferrol, Ribeira, Lugo, Viveiro, Ourense, Moaña, Pontevedra e Vigo. De feito, este procedemento establecerá como criterio de preferencia a concertación directa coas entidades de iniciativa social que actualmente xa están a prestar o servizo mediante contrato. Trátase de garantir a estabilidade tanto para estas entidades como para as persoas usuarias destes servizos, pois esta concertación directa supón unha continuidade na prestación do servizo actual o que se traduce nunha atención de calidade e centrada no usuario.

Con esta convocatoria, o Executivo autonómico consolida e garante o mantemento da rede pública de recursos de atención diúrna ao alzhéimer, que é referente a nivel nacional, dando resposta ás necesidades asistenciais que presentan estas persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA SILVICULTURA, A CASTAÑA E A RESINA OU A CLASIFICACIÓN ESTRUCTURAL DE MADEIRA NOS 9 M€ EN AXUDAS A INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS E MAQUINARIAS FORESTAIS

- O Consello da Xunta aprobou esta resolución de achegas que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), destinadas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos
- Por primeira vez establécense cinco liñas definidas: sobre a xestión forestal activa, sobre a madeira e a biomasa, sobre a castaña e a resina, sobre o valor engadido na primeira transformación da madeira e sobre a xestión empresarial
- O principal obxectivo destas axudas é impulsar a industria forestal-madeira e mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas galegas

A Axencia Galega da Industria Forestal, a través da Consellería de Medio Rural, convoca este ano 9 millóns de euros en axudas destinadas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe esta resolución de achegas que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e que por primeira vez establece cinco liñas definidas para asegurar o investimento en maquinaria para a silvicultura, para o aproveitamento comercial da castaña e da resina ou para a clasificación estrutural de madeira. O principal obxectivo é impulsar a industria forestal-madeira e mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas galegas.

Así, a primeira liña comprende todo o relativo á xestión forestal activa, un pilar fundamental en materia de desenvolvemento rural. Refírese aos tratamentos silvícolas, que conducen cara á creación dun conxunto de árbores con condicións excelentes para obter produtos de valor engadido. Deste xeito, está dirixida á maquinaria necesaria para levar a cabo operacións silvícolas, como procesadoras e taladoras.

A segunda refírese á madeira e biomasa, relacionada co acondicionamento e instalacións en parques intermedios de rolla, con maquinaria como autocargadores, arrastradores forestais e tractocargadores completos, así como procesadoras, taladoras e outros equipamentos de corta. Tamén poden ser obxecto de axuda a maquinaria específica, apeiros e implementos que permiten un aproveitamento comercial de biomasa forestal no monte, asteladoras con capacidade de recollida, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.

A terceira liña dedícase á maquinaria específica ou equipamentos que permitan un aproveitamento comercial da castaña ou da resina no monte, así como ao

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acondicionamento e instalacións de parques intermedios de almacenamento e/ou clasificación. Esta liña tamén vai dirixida a bens de equipo e instalacións en empresas de recollida, manexo, clasificación, acondicionamento e comercialización de castaña ou resina.

No relativo á liña dedicada ao valor engadido na primeira transformación da madeira é a primeira vez que se inclúe unha sección específica dirixida a posibilitar a compra de equipos portátiles para a clasificación estrutural de madeira, para a maquinaria e instalacións de primeira transformación destinadas á clasificación automática por calidade da materia prima e de produtos serrados intermedios ou finais. Tamén para maquinaria e instalacións destinadas á obtención de produtos de maior valor engadido baseados na madeira serrada.

A quinta e última liña abrangue os plans e ferramentas de xestión empresarial, dirixida á implantación da cadea de custodia de madeira certificada e/ou normativas de calidade ou garantía, marcado CE e plans de mellora de xestión empresarial.

Neste contexto, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará mañá a resolución destas achegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Poderán beneficiarse delas as microempresas, medianas e pequenas empresas (pemes) do sector forestal radicadas en Galicia.

A Axenda de impulso da industria forestal-madeira

As axudas enmárcanse nesta folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Para acadar estes obxectivos, definíronse catro eixes fundamentais, relativos á mellora do capital humano a través da formación, ao impulso da innovación, á cooperación e valorización e á competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector.

A través destes eixes e dun orzamento de 55,5 millóns de euros, a Axenda prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ADIANTA OS REQUISITOS A CUMPRIR POLOS CONCELLOS DE MENOS DE 15.000 HABITANTES PARA RECIBIR OS FONDOS ADICIONAIS DE COOPERACIÓN LOCAL DA XUNTA

- Explica que esta partida adicional de 15,6 M€ vai dirixida a “necesidades directas” e “moi necesarias” dos municipios para obras de eficiencia enerxética, subministración de maquinaria e equipamento para a prestación de servizos municipais e actuacións de mellora das redes de abastecemento municipal
- Os fondos adicionais rexistraron un incremento récord dun 135 por cento para sufragar os servizos de competencia local máis demandados pola cidadanía

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, adiantou hoxe os criterios e requisitos aprobados no Consello da Xunta que deberán cumprir os concellos de menos de 15.000 habitantes para recibir do Fondo de Cooperación Local da Xunta a denominada partida adicional, que é aquela dirixida especificamente a cubrir os servizos máis demandados pola veciñanza.

“Destínanse a necesidades directas e moi necesarias”, defendeu Rueda, quen aclarou que dos 143,4 millóns de euros que ten para este ano o Fondo de Cooperación Local da Xunta -e que supoñen un 14% máis que no 2022- resérvanse 30,5 millóns de euros á partida adicional, que tamén rexistrou un incremento histórico dun 135%. En concreto, deste fondo adicional, Rueda especificou que se destina un total de 15,6 millóns de euros aos municipios de menos de 15.000 habitantes, unha contía condicionada á que vaian dirixidos ao servizos máis demandados pola veciñanza.

De aí, que no Consello da Xunta se fixanse os criterios e requisitos para que estes concellos reciben parte dese fondo adicional e que, segundo adiantou o mandatario galego, repartiranse en tres liñas de actuacións prioritarias.

Fondos adicionais dirixidos a tres liñas de actuacións

Por unha parte, avanzou que se destinarán 8,6 M€ ás obras destinadas á mellora da eficiencia enerxética dos edificios de titularidade municipal cunha achega dun máximo de 200.000 euros por municipio. Priorizaranse os edificios destinados á prestación de servizos educativos e a actividades deportivas e, en segundo lugar, os empregados para a prestación de servizos sociais.

Rueda explicou que a segunda liña de axuda conta con 2 M€ para que os municipios galegos poidan optar a unha axuda de ata 30.000 euros para a adquisición de maquinaria e equipamento, incluíndo vehículos, para a prestación de servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, dos 5 M€ que a Xunta prevé investir na terceira liña do fondo adicional do FCL, Rueda adiantou que irá destinada a actuacións de modernización e mellora das redes de abastecemento municipal, cada entidade local poderá percibir un máximo de 50.000 euros. Neste caso, ademais da necesidade específica da actuación como nas outras dúas liñas priorizaranse os investimentos incluídos no plan de actuación para minimizar as perdas de auga, outorgando unha maior valoración aos municipios que conten xa con este plan fronte aos que os estean tramitando e os que aínda que non teñan iniciada a tramitación se comprometan a facelo antes de que remate o prazo de xustificar o apoio recibido.

Chegar ao 90% dos concellos de Galicia

Con esta orde, o Goberno galego chegará ao 90 % dos municipios da comunidade co obxectivo de contribuír a fixar poboación nas zonas rurais e de menor poboación mediante a dotación de servizos públicos de calidade.

Ademais das tres liñas anteriores, o fondo adicional do FCL irá destinado este ano, segundo acordou a Subcomisión de Réxime Económico e Financeiro entre a Xunta e a Fegamp, aos servizos de emerxencia, á retirada de niños de vespa velutina ou á limpeza de faixas secundarias, entre outros conceptos.

Cómpre lembrar que un dos fitos fundamentais na relación coas entidades locais produciuse en 2011, cando se garantiu por lei a participación mínima dos concellos nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local. A través do FCL, a Xunta trata de compensar o desfase que ocasionan as particularidades dos municipios galegos como son a demografía ou a dispersión xeográfica. Por iso, o Goberno galego vén reclamando ao Executivo estatal a definición dun novo modelo de financiación autonómica que teña en conta as particularidades de cada territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NÚMERO DE USUARIOS NA PLATAFORMA DO PATRIMONIO CULTURAL DIXITALIZADO CUADRIPLÍCASE NO ÚLTIMO LUSTRO

- Máis de 325.000 persoas utilizaron en 2022 a ferramenta en liña Galiciana, que pon á disposición da cidadanía documentos das bibliotecas e arquivos galegos
- Ofrece obras dixitalizadas de 15 repositorios como a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Museo do Pobo Galego, a Universidade de Santiago de Compostela, a Real Academia Galega ou a Fundación Barrié

A plataforma Galiciana da Xunta de Galicia, que aglutina o patrimonio cultural galego dixitalizado procedente de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións de Galicia, multiplicou por catro o seu número de usuarios no último lustro ao pasar de 73.453 no ano 2018 a 325.295 no 2022, un 342 % máis.

Así se desprende do informe presentado hoxe en Consello da Xunta para facer balance da súa actividade e marcar retos futuros no marco do Plan Xeración Cultural, que fixa entre as súas liñas de actuación garantir o acceso universal á cultura, a dixitalización e a preservación do legado cultural.

O número de páxinas vistas nos repositorios tamén aumentou de xeito paralelo desde as 5.831.585 de 2018 ás 18.781.262 do ano pasado. Na actualidade, a capacidade medrou ata os 15 repositorios. Deles, dous son xestionados directamente pola Xunta de Galicia, o dependente do Arquivo de Galicia e o da Biblioteca de Galicia, que son precisamente as dúas entidades que máis datos proporcionan a este banco de cultura dixital.

Os outros 13 achéganse desde outras institucións da memoria da nosa Comunidade Autónoma como a Biblioteca da Fundación Barrié, o Museo do Pobo Galego, o Arquivo Histórico Universitario da Universidade de Santiago, o fondo histórico e patrimonial da Universidade de Santiago, Minerva. Miscelánea da Universidade de Santiago, o repositorio da Universidade da Coruña, Investigo, Cuadernos de Estudos Galegos, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, a Biblioteca Virtual da Real Academia Galega, a Biblioteca Pública de Pontevedra e o Arquivo Municipal de Marín.

Impulsada pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, foi posta en marcha en 2012 co obxectivo de dixitalizar e describir legados culturais como prensa histórica, actas municipais, manuscritos, cartografías, ilustracións e recursos de diferentes centros arquivísticos e difundir todo ese patrimonio á cidadanía. Dende entón, a plataforma foi incorporando imaxes e metadatos ata os máis de 5 millóns actuais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co paso dos anos foi modernizándose e adaptándose ás necesidades coa inclusión de novos formatos como o libro electrónico, coa intención de favorecer a difusión das obras patrimoniais galegas e facilitar o acceso á información dos usuarios desde diferentes dispositivos (tabletas, e-readers, móbiles...). De feito, está dispoñible, por exemplo, a colección *Grandes clásicos da literatura galega* con 57 obras clásicas da literatura galega, incluíndo a revista *Nós* cos seus 145 números.

De cara ao futuro, Galiciana afondará na divulgación e concienciación entre os galegos dando a coñecer mellor á cidadanía o material dixitalizado e traballarase para engadir tamén os fondos dos museos xestionados pola Xunta de Galicia na plataforma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA INICIA OS TRÁMITES URBANÍSTICOS PARA IMPLANTAR O CENTRO DE PROTONTERAPIA DE GALICIA NA PARCELA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

- Resalta que a previsión é que o novo centro “estea en funcionamento” en “xuño de 2025”
- Explica que se seguirá o procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, para proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, que permitirá modificar o planeamento urbanístico para a súa implantación
- Avanzarase nos trámites urbanísticos de modo paralelo á adxudicación do concurso para a redacción do proxecto e a execución das obras, que foi licitado o pasado 30 de decembro por un importe de 22,28 millóns de euros
- Subliña que o uso da protonterapia permitirá “tratar tumores de difícil acceso e reducir tanto o tempo de tratamento como os efectos adversos”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello abordou na súa reunión de hoxe o inicio do procedemento urbanístico para a aprobación do proxecto do Centro de Protonterapia de Galicia na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, segundo o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional. “Hoxe damos un paso máis para a construción deste centro que foi o primeiro de España en iniciar os trámites e agardamos estea en funcionamento canto antes”, indicou Rueda, quen resaltou que a previsión é que o centro estea operativo e recibindo pacientes xa “en xuño de 2025”.

Rueda explicou que o proxecto é de interese público, dado que permitirá incrementar dun modo excepcional a calidade da asistencia sanitaria cun novo tratamento que dará servizo a toda Galicia. Por iso, indicou que é preciso contar coa habilitación urbanística necesaria para a súa execución.

Para reducir ao máximo os tempos de tramitación e posibilitar a implantación do novo servizo desde o punto de vista urbanístico, e poder así dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan polas consecuencias que iso implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega, propónse a súa tramitación mediante o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar que se avanzará neste procedemento urbanístico de modo paralelo á adxudicación do concurso para a redacción do proxecto e a execución das obras, que foi licitado o pasado 30 de decembro pola Servizo Galego de Saúde por un importe de 22,28 millóns de €.

A dotación de equipamento sanitario que se pretende implantar abarca o edificio destinado a Centro de Protonterapia de Galicia (cunha ocupación aproximada de 3.683,42m²) e o tratamento de espazos exteriores (aprox. 6.075,46m²).

Nos vindeiros días, pedirase ao Concello que realice o trámite de información pública do anteproxecto e emita informe sobre a afectación dos intereses locais. Unha vez completado o trámite, dende a Xunta de Galicia solicitaranse os informes sectoriais que sexan precisos, ata concluír o procedemento coa aprobación do proxecto por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Características da instalación

A altura do volume que se vai construír non superará a da cornixa do Gil Casares. A súa posición permitirá a creación dun espazo público de calidade fronte ao CHUS, permitirá crear unha dobre entrada dende ambos hospitais e manteranse as árbores de gran porte existentes para integralas nun novo espazo público. Interiormente, o centro de Protonterapia dividirase en dous niveis, un nivel de planta baixa no que se sitúan as zonas de recepción de pacientes, tratamento, persoal e mantemento; e unha primeira planta, na cal se sitúa a zona de xestión e instalacións dos equipos e do edificio.

O edificio incluírá dous búnkers, que serán capaces de albergar dous equipos de protonterapia (radioterapia de protóns) modelo IA Proteus One (ciclotrón e gantry de tratamento), e deixará espazo para un terceiro.

A protonterapia

A protonterapia é unha modalidade especial de radioterapia que utiliza un feixe de protóns que permiten maior precisión ao impartir a dose de radiación. "Este sistema permite tratar tumores de difícil acceso, reducir o tempo do tratamento e minorar tamén os efectos adversos", indicou Rueda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A protonterapia demostrou unha alta eficacia e maior seguridade que a radioterapia convencional con fotóns ou electróns. É unha técnica que permite un tratamento moi eficaz de tumores situados en lugares sensibles, cunha altísima precisión que acurta, de maneira moi significativa o tempo de terapia, e evita, en boa medida, os efectos secundarios doutras técnicas. A protonterapia reduce de forma significativa tratamentos innecesarios en tecidos sans, sendo unha forma eficaz para tumores nos que a radioterapia non resulta efectiva e a cirurxía non é unha opción.

A diferenza da radiación de fotóns tradicional, que usa raios X para atacar o tumor, pero que aplica radiación en tecido san, a terapia de protóns é un tratamento que dirixe protóns cargados positivamente ao tumor, onde depositan a maior parte da dose de radiación. Con esta terapia, a radiación residual é mínima, o que reduce potencialmente os efectos secundarios e o dano ao tecido circundante.



Infografía do centro de protonterapia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal